



CONFINAMENTO PARA A CREACIÓN. CAMPAÑA # EU FICO NA CASA CON ADEGA

Lucía Anido e Verónica Torrijos*

ADEGA impulsou durante o confinamento por COVID-19 a campaña #EuFicoNaCasaConADEGA, consciente da necesidade de moitas nais e pais, docentes e público xeral de ter recursos na rede para desenvolver actividades na casa coas crianzas, así como para facilitar a docencia telemática. Tratouse de unha campaña, aínda en funcionamento, que promoveu a achega da ecoloxía á vida cotiá. O resultado foron dúcias de materiais dixitalizados e adaptados a formato audiovisual para facilitar a divulgación e facer máis entretida e agradábel a corentena.



Proporción de subscrición ao boletín Eco-ideas ADEGA.



Distribución da subscrición ao boletín Eco-ideas.

A ECOLOXÍA DA VIDA COTIÁ

Probado quedou que o ano 2020 veu con acontecementos que non tiñamos previsto e cuxa vía de escape foi a adaptación. Adaptarnos. Reinventarnos. Facer dos nosos fogares un lugar máis ecolóxico, habitábel e humano.

Unha das liñas que traballa ADEGA é a Educación Ambiental. As actividades están dirixidas a todo tipo de público, mais con especial ilusión en mostrar as bondades da ecoloxía ás crianzas, xeración do futuro, ensinando que desde a sala, a habitación, a cociña ou mesmo o baño, podemos practicar a ecoloxía para converter o noso fogar nun espazo de aprendizaxe e experimentación. Así foi como xurdiu a idea, nunha tarde de confinamento e comunicación telemática entre persoas de ADEGA: Queremos facer ecoloxía veña o tempo que veña, axudarnos a que a vivencia da pandemia sexa a mellor das posíbeis. Con este obxectivo organizamos obradoiros, palestras, lecturas... e ofrecemos na rede todos os recursos de carácter ambiental dos que dispoñía a asociación. Pero ademais, xeramos novo material e divulgamos o producido por outras entidades culturais e sociais.

Baixo o nome de "Eco-Ideas ADEGA: Consellos e ideas educativas para pasar na casa a corentena da COVID-19", a equipa de Educación Ambiental foi a encargada de coordinar as tarefas. Comezaron a dixitalizarse moitos dos obradoiros e actividades de campo, que permitiron, por exemplo, aproveitar as xanelas das nosas casas para a observación e identificación de aves ou aprender a medir caudais de auga e axustar as nosas billas para o aforo e a eficiencia. Estas accións desenvolvémolas a través de Fichas de exercicios e Fichas de identificación para cubrir. Para mostrar os obradoiros máis experimentais, gravamos vídeos caseiros a modo de tutorial. Aí foi onde a equipa de educación ambiental sentiu converterse en *youtubers*. A acollida destas creacións foi moi boa, a día de hoxe continúan a contabilizarse visitas a estes vídeo-obradoiros.

Nese momento detectouse a necesidade de mellorar a elaboración e montaxe dos vídeo-obradoiros, xa que algunhas das persoas implicadas carecíamos das nocións básicas. Anotámonos entón ao curso "Espreme a cámara do teu móbil", que nos facilitou o traballo, tamén para outras campañas, podendo subir os vídeos directamente ás redes sociais, tendo en conta as diferenzas entre elas.

Partillamos o material na web da asociación e nas redes sociais baixo o cancelo #EuFicoNaCasaConADEGA. Tamén enviamos as novidades de forma periódica ás persoas asociadas e simpatizantes mediante os correos de ADEGA-Infoma. Pero a cantidade de recursos acumulouse a un ritmo moi rápido, ao que tamén se foron sumando os recursos enviados por outros colectivos. Así, a continuación veu a creación dun espazo web, moi necesario para podermos recompilar e ordenar todos os materiais didácticos e educativos. Xurdiu a páxina <http://euficonacasa.adega.gal/>



Cabeceira da web e das fichas Eco-Ideas.

Concibiuse como unha páxina dinámica e participativa. Por unha banda, habilitouse a posibilidade de subscrición ao "Boletín de Eco-ideas", mediante o que se foron encamiñando as creacións ao correo electrónico das persoas solicitantes. Por outra, promovemos que nos mandaran as eco-ideas feitas nos fogares ou nos propuxeran publicar outras novas. Este espazo web converteuse así nunha plataforma de intercambio e divulgación de recursos de colectivos e persoas con inquedanzas no eido da ecoloxía.

O contido audiovisual pódese ver a través da web e da canle de YouTube de ADEGA (<https://youtube.com/user/adeqainfo>), aberta a todo o público.



Presentación común para todos os vídeos da campaña.

Convertéronse en entidades colaboradoras, facendo achegas de material ou ben divulgando o xa publicado entre as súas persoas asociadas: Anpas Galegas, CEMMA (Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños), CIG-Ensino, Cousa de Raíces, Culturmar, FRUGA (Federación Rural Galega), Fundación Eira, GN Hábitat, Mesa pola Normalización Lingüística, Mycogalicia, Rede Galega do Patrimonio, SLG (Sindicato Labrego Galego) e STEG (Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galicia). Con estas partillas, o número de persoas ás que chegou a mensaxe da ecoloxía en tempos de coronavirus foi moito maior.

Elaboramos 35 recursos de “Eco-ideas para pasar a corentena”, aos que sumamos a partilla de 46 publicacións de materiais divulgativos dos que xa dispoñía a asociación, como a revista e radio Cerna e diversos manuais ambientais. Tamén foi de moito valor a achega de recursos externos, un total de 36 publicacións¹ de outras entidades. Isto significou que se compartiu unha media de 9 recursos semanais durante os 98 días de confinamento estrito do estado de alarma.

O PROFESORADO E NAIS/PAIS FORON OS PRINCIPAIS SUSCRITORES DO BOLETÍN ECO-IDEAS

A solicitude do material tivo especial relevancia entre o colectivo de profesorado, xa que representou o 56% do total de inscricións ao Boletín Eco-ideas. Tamén se rexistraron persoas a título individual, entre elas un 24% de nais e pais que consideraron que o confinamento caseiro supoñía unha magnífica oportunidade para pasar máis tempo coas crianzas e desenvolver actividades de ecoloxía. A acollida dos materiais foi moi boa por parte da sociedade en xeral e non só polos membros de ADEGA, xa que un 89% das inscricións procederon de non asociadas alleas¹.

Outra acción sinalada tivo lugar na semana previa ao 22 de abril, recompilando máis de 50 poemas de amor á terra, escollidos por cada persoa



Deseño da entrada aos vídeos polo Día da Terra.

para a gravación da súa lectura nun minuto. As circunstancias do momento, cando se cumprían 40 días de confinamento caseiro, animaron a socias, socios e simpatizantes a simbolizar a necesidade de coidado da natureza e poñela no centro de atención, tamén para pasarmos a crise do coronavirus. O fabuloso resultado pode visitarse na seguinte ligazón: <https://uficonacasa.adeqa.gal/2020/04/28/poemas-no-dia-da-terra/>

ACERCA DE ENTIDADES COLABORADORAS ENVÍA A TÚA ECOIDEA SUBSCRÍBETE

ECOIDEAS ADEGA

Como facer plastilina ecolóxica

6 Maio 2020

Artigo da web sobre un dos tutoriais.

No tocante ao interese das persoas facendo o seguimento de visualización dos vídeo-obradoiros, tiveron especial acollida as receitas de produtos ecolóxicos: a Eco-Idea de fabricación de xabón líquido para a lavadora conta con máis dun milleiro de reproducións! Tamén suscitou interese a fabricación do eco-limpo (produto de limpeza sen tóxicos para o fogar) e a elaboración de pasta de dentes, chegando ambos case ás 1000 reproducións.

Pensamos que a crise do coronavirus foi, e continúa a ser, unha lección da que aprender en positivo, especialmente no eido social e ambiental. A natureza proporciónanos o medio no que vivimos e os recursos imprescindíbeis para a vida, como a auga ou o aire que respiramos. A campaña #EuFicoNaCasaConADEGA resultou ser unha experiencia moi positiva, con recompensas de afecto e fortaleza para seguir a fomentar os hábitos ecolóxicos e sustentábeis nos nosos fogares. Ademais, coas Eco-Ideas creamos contido audiovisual en galego, aberto a todo o público.

Desde ADEGA entendemos que é preciso cultivar novas formas de facer comunidade, facendo reflexión sobre como nos estamos a comportar co medio ambiente e co patrimonio colectivo, e como podemos combater desde a nosa casa, aldea ou cidade a outra gran crise (a principal) á que nos enfrontamos: a crise ecolóxica global.

MOITÍSIMAS GRAZAS por confiar en ADEGA durante a corentena, e agardamos que sigas a formar parte do ecoloxismo galego. Sen o teu apoio non sería posíbel.

Se aínda non o fixeches, animámoste a cubrir a breve enquisa de valoración da campaña #EuFicoNaCasaConADEGA, onde tamén poderás propoñer novas Eco-ideas para desenvolver: <https://forms.gle/DwYa1scAMc4acTNf9>

¹As persoas socias recibían as novidades da campaña vía comunicación habitual de correo-e ADEGA-Infoma, polo que tampouco se facía necesaria a subscrición específica ao Boletín Eco-ideas.

***Lucía e Verónica forman parte da Directiva de ADEGA e foron voluntarias da Campaña #EuFicoNaCasaConADEGA**